



Saúda do Delegado de Deportes da Deputación de Pontevedra

A institución provincial da que sou Deputado de Deportes congratúlase polo arranque desta XVIII edición do Campionato de España Senior de Patinaxe Artística que, desde o ano 1992, ven facendo desta modalidade deportiva a mostra palpable do que pode conseguirse a través do espírito de sacrificio e o afán de superación, dúas premisas esenciais no deporte da patinaxe artística.

Hoxe ninguén discute que o deporte é unha escola de valores positivos. Estimula a saúde física e mental, fomenta a relación social, habitúa a respectar unhas normas, demostra que o esforzo para acadar unhas metas ten sempre unha recompensa e supón un bo exercicio para aprender a xogar en equipo, en colaboración cos outros. Todas estas razóns xustifican por si solas, o apoio a unha certame da envergadura desta competición.

A Deputación sempre amosou a súa sensibilidade cara ó fomento da práctica deportiva, como un hábito que forma persoas saudables e que ensina a gozar do tempo libre como lecer en equipo. A institución provincial apoia e promove o desenvolvemento deste Campionato e así tamén a práctica deportiva en xeral.

Así o reflicte o noso importante investimento no eido do Deporte: investimento que se canaliza a través de distintos programas de infraestruturas, de dotación de material e de axudas puntuais ós clubs deportivos e a través de achegas para a realización de grandes eventos deportivos.

Tamén procuramos fomentar a afección e a querenza, xa dende a infancia, por un dos deportes máis esixentes e esforzados a través da organización de competicións coma esta, porque somos conscientes de que o aliciente da competición alimenta o espírito deportivo.

Non me queda senón reiterar o noso compromiso co deporte da patinaxe e felicitar a todos os participantes deste campionato, que cos seus éxitos leva ben alto o nome da provincia máis aló das nosas fronteiras.

JOSÉ ENRIQUE SOTELO

Delegado de Deportes da Deputación de Pontevedra